

7/369 PROXECTO DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚMERO 200, IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS TRACCIÓN MECÁNICA.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta da xefa do Servizo de Facenda Local do 15 setembro de 2025, conformado pola tenenta de alcalde delegada da Área de Cohesión Territorial, en suplencia do tenente de alcalde delegado da Área de Xestión Integral de Recursos Internos, Urbanismo e Deportes e Xuventude, na parte expositiva do cal se fai constar:

“Visto o Decreto núm. 7876/2025, do 12 de agosto de 2025, de incoación de expedientes para a modificación de determinadas ordenanzas fiscais.

Visto o Informe proposta do Servizo de Facenda Local de modificación da ordenanza fiscal núm. 200 reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica, asinada pola xefa do Servizo de Facenda Local o 04/09/2025 co conforme do Excmo. Sr. alcalde, don Miguel Fernández Méndez, en suplencia do Sr. don Ángel Pablo Permuy Villanueva, tenente de alcalde delegado da Área de Xestión Integral de Recursos Internos, Urbanismo e Deportes e Xuventude do 05/09/2025 (vehículos agrícolas).

Visto o informe proposta do Servizo de Facenda Local de modificación da ordenanza fiscal núm. 200 reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica, asinado pola xefa do Servizo de Facenda Local o 04/09/2025 co conforme do Excmo. Sr. alcalde, don Miguel Fernández Méndez, en suplencia do Sr. don Ángel Pablo Permuy Villanueva, tenente de alcalde delegado da Área de Xestión Integral de Recursos Internos, Urbanismo e Deportes e Xuventude do 05/09/2025 (vehículos históricos).

Visto o informe da Xefa do Servizo de Facenda Local co conforme da Asesoría Xurídica do 10/09/2025.

Visto o proxecto de modificación da ordenanza fiscal núm. 200 reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica da Ilma. Sra. dona Ana González Abelleira, tenenta de alcalde delegada da Área de Cohesión Territorial, en suplencia do Ilmo. Sr. don Pablo Permuy Villanueva, tenente de alcalde delegado da Área de Xestión Integral de Recursos Internos, Urbanismo e Deportes e Xuventude, do 10/9/2025.

Visto o ditame favorable do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Lugo do 11/09/2025.

Visto o informe xurídico do vicesecretario accidental do Concello de Lugo do 12/09/2025.

Visto o informe da xefa de servizo de Fiscalización Previa e Función Interventora mais o interventor xeral municipal do 15/09/2025.”

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refº: ispac6519420278882273934.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 17-9-2025

A Xunta de Goberno Local, con base na referida proposta e por unanimidade de todos os seus membros presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar o proxecto de modificación da ordenanza fiscal número 200 reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica, no tocante aos seguintes preceptos que quedan redactados na forma que se indica:

ORDENANZA FISCAL NÚMERO 200 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA

1) Modifícase o apartado 2 do artigo 4, que queda redactado como segue:

“ 2.- Establécese unha bonificación do 100 por cento da cota do imposto para os vehículos calificados como históricos con arreglo ao disposto no Real Decreto 892/2024, do 10 de setembro, polo que se aproba o Regulamento de Vehículos Históricos”

2) Modifícase o apartado 4 do artigo 5, que queda redactado como segue:

“b) No suposto do apartado 1.7, os suxeitos pasivos deberán instar a concesión da exención, debendo achegar o permiso de circulación do vehículo e a inscrición do mesmo no Rexistro Oficial de Maquinaria Agrícola (R.O.M.A.) no municipio de Lugo.

A exención iniciará os seus efectos no mesmo exercicio no que se formule a solicitude e manterase namentres non se modifiquen as circunstancias que motivaron a súa concesión, sempre que a solicitude sexa realizada con anterioridade a que a liquidación ou o recibo de vencemento periódico quedase consentido e firme e concorran na data de devindicación os requisitos necesarios para poder disfrutar da exención.

Nos supostos de autoliquidación deberase formularse a solicitude do beneficio fiscal ao presentar a autoliquidación correspondente e aplicándolle, con carácter provisional, a exención.”

DISPOSICIÓN FINAL

Esta modificación publicarase no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2026 e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

SEGUNDO.- Elevarlle ao Excmo. Concello Pleno o devandito proxecto aprobado para a súa aprobación inicial.